



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de xullo de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a. María Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a.M.^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e trinta minutos do día vinte de xullo de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE e de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o secretario xeral do pleno, Sr. Riesgo Boluda.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(817).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(818).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO DE LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, CON ZONAS COMPLEMENTARIAS E ACORDO DE ACUMULACIÓN DESTE EXPEDIENTE Á SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA. EXPTE. 6184/241.

Dáse conta do informe-proposta do 20/07/18, asinado pola xefa do servizo de Contratación e conformado polo concelleiro-delegado de Contratación:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

–Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, de data 17-06-2005 (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 28 de xuño de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), acordou:

“1º.- Incoar expediente de liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo.

2º.- Notificar este acordo ao Administrador concursal, ao avalista e os acredores, concedéndolle un prazo de trámite de audiencia de dez días naturais para formular alegacións”.

Este acordo foi notificado aos licitadores o día 6 de xullo, rematando o prazo para a presentación de alegacións no día de hoxe.

Segundo.- En data 5 de xullo de 2018, D. Antonio Heredero González-Posada, en representación da mercantil PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. (en liquidación) con CIF. nº A-36.972.560, segundo poder concedido polo Sr. José Manuel Sobrino Ubeira, como administrador concursal da sociedade mercantil designada como tal no procedemento de concurso voluntario que se segue no xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra, solicita a cancelación da garantía prestada por Pazo de Congresos de Vigo, S.A., para responder do contrato, por un importe de 5.600.000 €, que foi depositada na Tesourería municipal o 28 de abril de 2006.

Terceiro.- En data 20 de xullo de 2018, D. Antonio Heredero González-Posada, en representación da mercantil PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A., solicita a acumulación dos expedientes de liquidación e de devolución de garantía definitiva, así como a ampliación do período de alegacións en 60 días por mor de que se ten comunicado ao xulgado o acordo municipal, e solicitouse a comunicación do mesmo as partes.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I-

Da solicitude de ampliación do prazo do trámite de audiencia

O artigo 23.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas unicamente permite á Administración, ampliar o prazo, e de maneira excepcional, cando o número de persoas afectadas puideran supor un incumprimento do prazo máximo de resolución e a Administración carecese de medios para resolver en prazo.

Dado que estas circunstancias non concorren no presente suposto non é posible acceder a ampliación do prazo solicitada. No entanto, dado que no presente procedemento se teñen solicitado actuacións xurisdicionais, si é posible acordar a suspensión do procedemento ata a obtención do procedemento xurisdiccional.

- II-

Da solicitude de acumulación do expediente de liquidación e da devolución da garantía definitiva

O artigo 57 da LPC permite ao órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, sexa cal for a forma da súa iniciación, poida, de oficio ou a instancia dunha parte, acordar a súa acumulación a outros cos que teña unha identidade substancial ou conexión íntima, sempre que sexa o mesmo corpo quen debe procesar e resolver o procedemento.

Contra o acordo de acumulación non haberá recurso.

-III-

Competencia

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Suspender o expediente de liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, incoado por acordo deste órgano de contratación de data 28 de xuño de 2018 polas razóns expostas no fundamento xurídico primeiro deste escrito.

2º.- Acordar a acumulación da solicitude de devolución de garantía definitiva solicitada por D. Antonio Heredero González-Posada, en nome e representación de PAZO DE

CONGRESOS, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xullo de 2018 co expediente de liquidación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez